

## **CULTURA CIENTÍFICA 4º ESO**

### **RECOMENDADO**

Para aquel alumnado que desexe adquirir unha cultura científica básica que lle permita entender o mundo actual e ser quen de tomar decisións baseadas no coñecemento científico en distintos contextos.

Especialmente recomendada para alfabetización científica de aqueles alumnos que en 4º non elixen Bioloxía e Xeoloxía

### **CARGA HORARIA SEMANAL**

4º ESO, 2 horas semanais

### **CONTIDOS**

No cuarto curso de ESO, a materia de Cultura Científica establece a base de coñecemento científico sobre temas xerais como o universo, os avances tecnolóxicos, a saúde, a calidade de vida e a contribución do coñecemento dos materiais aos avances da humanidade.

Os bloques de contidos englobados nela son:

1. A comunicación en ciencia e tecnoloxía. O artigo científico. Fontes de divulgación científica. Elaboración e presentación de informes utilizando medios diversos.
2. Orixe, formación e estrutura do Universo.
3. Principais problemas ambientais: causas, consecuencias e posibles solucións.
4. Saúde e doenza. Importancia da ciencia na mellora da saúde ao longo da historia
5. Desenvolvemento da humanidade e uso dos materiais. Consecuencias económicas e sociais do desenvolvemento. Globalización, deslocalización e desenvolvemento sustentable